



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Licitación de vehículo todoterreo para Protección Civil e protección do medio ambiente no Concello de Vedra

ANUNCIO

Licitación da contratación do subministro correspondente a “vehículo todoterro para Protección Civil e protección do medio ambiente no concello de Vedra”.

1) Entidade adjudicadora: datos xerais e datos para a obtención da información.

a) Organismo: Concello de Vedra.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Obtención de documentación e información: Secretaría do Concello: Avda. M.M. Gómez Lorenzo, 1. 15885 Vedra. Teléfono 981-814612. Fax 981-503331. Correo electrónico: mercedes.pereiras@vedra.dicoruna.es

Enderezo de internet do perfil do contratante: <http://www.concellodevedra.com>

2) Obxecto do contrato:

2.a.–Tipo: contrato de subministro.

2.b.–Descrición: vehículo todoterreo para Protección Civil e protección do medio ambiente.

2.c.–Prazo de entrega: un mes dende a formalización do contrato.

3) Tramitación e procedemento:

3.1.–Tramitación ordinaria

3.2.–Procedemento aberto con diversos criterios de adjudicación.

3.3.–Criterios de adjudicación: os establecidos na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

4) Valor estimado do contrato: 32.892,56 €.

5) Orzamento base de licitación: 39.800,00 €.

6) Financiamento do contrato: 80% con cargo á Xunta de Galicia (Fondo de Compensación ambiental: liña competitiva) e 20% con cargo a recursos propios

7) Garantías esixidas:

7.a.–Garantía provisional: 986,78 €.

7.b.–Garantía definitiva: 5% do importe de adjudicación do contrato, excluído o IVE.

8) Requisitos específicos do contratista: a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional acreditarase conforme ao establecido na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

9) Presentación de ofertas.

9.1.–Data límite de presentación: ata as 14.00 horas do décimo quinto día natural dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A publicación do presente anuncio efectuarase nos seguintes medios: BOP da Coruña e no perfil do contratante do Concello de Vedra.

9.2.–Modalidade de presentación: en dous sobres pechados, de acordo co establecido na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación.

9.3.–Lugar de presentación: as proposicións poderán presentarse por correo, telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9) Apertura das proposicións:

A mesa de contratación constituirase o quinto día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12.00 horas.

10) Gastos de publicidade.

Son por conta do adxudicatario.

11) Exposición de pregos: perfil do contratante (www.concellodevedra.com).

Vedra, 4 de outubro de 2012.

O ALCALDE

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

2012/12437